



PREGUNTA ORAL SOBRE A OCUPACIÓN PRIVATIVA DO ESPAZO PÚBLICO PARA REALIZAR CELEBRACIÓNS PARTICULARES

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

O concelleiro delegado vén de permitir a unha sociedade mercantil a ocupación privativa do espazo público, no mesmo corazón da cidade histórica, con instalación de postos de comida, con realización de actuacións musicais e con corte de rúa incluído, a fin de que a tal sociedade mercantil puidese celebrar o seu aniversario.

A posibilidade de que calquera particular ou calquera profesional ou sociedade mercantil poida realizar celebracións en calquera rúa, con instalacións de butano ou de gasóleo, con actividades susceptibles de sobrepasar o límite de decibelios, ou con restricións para o paso de terceiros, pode afectar ao interese xeral e ao razoable desenvolvemento da vida cidadá.

Pola súa banda, a posibilidade de que a autorización para realizar tales celebracións se lle conceda unicamente a determinados solicitantes pode levar a unha quebra do principio de legalidade e unha arbitrariedade se non concorre unha fundada diferenciación e xustificación.

Á vista do exposto, e visto que o Goberno local vén de autorizar a unha sociedade mercantil a celebrar o seu aniversario en plena cidade histórica, con corte de rúa, servizo de comida, actuacións musicais incluídas, cabe preguntar se o Goberno local ten previsto ou non -e por que si ou non- utilizar o mesmo criterio para autorizar solicitudes semellantes susceptibles de ser presentadas por calquera particular ou profesional?

Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 2016

Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

